

O conflito de xénero

Calo Iglesias, membro do Seminario Galego de Educación para a Paz

Licenciado en Filosofía e Ciencias Políticas. Profesor xubilado de IES.
Coordinador do Centro de Investigación do Seminario Galego de Educación para a Paz.
Autor de numerosas publicacións relacionadas coa Educación para a Paz e a solución pacífica dos conflitos. Autor dunha Historia das Relixións. (4 tomos, para cada curso da ESO). Publicacións de Teatro Infantil e de Contos. Campañas de Contacontos, Creacontos e Valores.
Imparte numerosos cursos de formación para o profesorado.

1. Previo:

XOGO DE SIMULACIÓN DE ROLES: provocando un conflito de xénero

Divídense os asistentes: varóns a un lado e femias a outro . A continuación a persoa moderadora afirma coa maior naturalidade o seguinte:

*“Como os varóns son **naturalmente mellores para o traballo intelectual** e a análise conceptual, van traballar (grupos de 4/5) durante uns minutos tentando definir os seguintes conceptos: racismo, xenofobia, discriminación.*

*E como as femias son **naturalmente mellores para o traballo que ten relación coa imaxinación e os sentimentos**, a sensibilidade, tentarán de facer un breve conto o un poema titulado “Historia triste dun meniño negro”*

Con todo, se algún home ou alguna muller quere cambiar de grupo, pode facelo, por extraño que pareza”.

¿Qué pode suceder? No caso de que algunha persoa decida cambiar de grupo, o moderador/a preguntalle a razón. A partir deste momento pode xurdir o debate. Se ninguén cambia e todos están conformes, PROVÓCASE O CONFLICTO sobre os sistema Sexo-Xénero.

Unha vez debatida a primeira situación, podemos provocar outra. A persoa moderadora afirmará con moita seguridade:

“As aptitudes para a análise conceptual, iso que chamamos “ser intelixente”, “filósofo” “investigador”, temos que valoralas máis que as aptitudes que demostran capacidade imaxinativa, ternura, sensibilidade”.

¿Cal será agora a reacción da xente? Se están de acordo, PROVOCAMOS O SEGUNDO CONFLICTO: ¿Por qué as aptitudes chamadas “intelectuais” – e as actividades así consideradas - son máis valoradas que as aptitudes –e actividades- que teñen que ver coa emotividade, a imaxinación (¡intelixencia emocional!)...?

Obxectivos:

1. Distinguir e diferenciar os conceptos de sexo e de xénero.
2. Descubrir as causas, formas de aprendizaxe, etc, dos roles maculino e feminino

ANÁLISE E COMENTARIO DUNHA AFIRMACIÓN: “*Dado que somos diferentes, non podemos ser iguais*”.

2. Clarificando conceptos

SEXO:

O concepto de sexo ten claras raíces biolóxicas e debe ser visto como NATURAL: homes e mulleres están sexualmente diferenciados, pero isto non quere dicir que teñan naturezas blindas e opostas unha contra a outra. Non é “natural” que as mulleres sexa vítimas e o homes verdugos. Pero...

O que non é “natural” si pode ser “histórico”. É aquí onde nos atopamos co concepto de

XÉNERO:

Trátase dun concepto amplamente usado polas feministas e fai referencia ás DIFERENCIAS SOCIALMENTE CONSTRUÍDAS ENTRE OS SEXOS, que deron lugar á discriminación e á violencia. O xénero non é natureza; é cultura, socialización, ideoloxía . É unha construción social que negan historicamente a intrínseca igualdade entre os seres humanos, entre as persoas.

Os prexuízos sexistas e a desigualdade forman parte da organización social, en consecuencia, a violencia que sufren as mulleres é:

- unha violencia estrutural (empapa todo o sistema) e non só directa.
- unha violencia cultural (cultura sexista)
- Precisamente porque esta violencia remite ao modo no que a CULTURA ten interpretado e construído as diferencias discriminadoras entre homes e mulleres, falamos de **ditadura de xénero**.

3. Ditadura de xénero

PRIMERA OBSERVACIÓN: Se o xénero, tal e como funciona na realidade histórica, é dicir como **violencia ditadura de xénero**, como construto social **perverso**, podemos e debemos **deconstruílo**.

A **ditadura de xénero**, maniféstase na imposición de roles masculinos e femininos, na inhibición de aptitudes, na atrofia de capacidades humanas...Estes roles sirven para manter a muller en situación de discriminación social, laboral... E sirven para empobrecer ou atrofiar ós varóns... É dicir, PARA EMPOBRECER Ó SER HUMANO, que non se realiza plenamente (p.e. un varón que reprime os seus sentimentos de ternura, as súas bagullas, etc).

A femia da especie humana, debido a súa admirable **plasticidade**, pode acabar convertíndose en AMA DE CASA e o macho nun GUERREIRO. Mediante a

socialización e o control social unha e outro adquiren e interiorizan os comportamentos, aspiracións e actitudes propias dun AMA DE CASA e dun GUERREIRO.

Prestemos atención a un texto que reflexa o proceso que moitas persoas – mulleres e homes - teñen interiorizado e admitido como natural (podemos, na escola, propor este texto para a súa análise e posterior comentario: *¿HAI VALORES E FUNCIONES MASCULINAS E VALORES E FUNCIONES FEMININAS?*):

*“Ser ama de casa é propio das mulleres. É unha función feminina. As mulleres deben ser fogareñas, reprodutoras, tenras (poden chorar), íntimas, privadas (¡Ai das mulleres “públicas”!), coidadosas, receptivas, intuitivas, detallistas...
É propio das mulleres ser guerreiras”*

*“Ser guerreiro é propio dos homes. É unha función masculina. Os homes deben traballar fóra do fogar, ser duros (non debe chorar). Produtores, agresivos, calculadores, racionais, atentos ao “importante” da vida pública (¡ben polos homes públicos!).
É propio dos homes ser amas de casa”.*

¿As femias teñen que ser femininas? ¿Os varóns teñen que ser masculinos? ¿Quen non acepta este rol ten que ser discriminado, avergonzado publicamente? (“Afeminado”, “Machorra”...).

Como podemos comprobar no día a día e case en todo momento, as construción histórica de xénero foi desenrolando nas persoas sexuadas determinadas potencialidades e atropiando outras. O resultado é (falando entemos xerais) que un home, a pesar de estar dotado coas capacidades para actuar como unha nai amantísima, non chega a selo. Pola contra, convértese nun guerreiro, nun empresario, nun executivo agresivo.

¿E a muller? A pesar de estar dotada para actuar na vida pública, para ser empresaria e mesmo guerreira (algo que, en verdade, non llo recomendo), non chega a selo. Pola contra convértese **exclusivamente** nunha nai amantísima, nunha tenra e sumnisa esposa, coa pata quebrada e en casa.

A **plasticidade** do ser humano fai posible construír unha **perversa ditadura de xénero**, é dicir, a imposición da **atrofia** ás nosas potencialidades humanas, de acordo cuns patróns sociais do masculino e do feminino.

4. Algunhas razóns (ou sen-razóns) que explican o conflito de xénero

Vou sinalar as que considero máis significativas:

■ Erros na percepción do diformismo sexual

As diferencias entre os sexos pervéntense en **diformismo cultural**, consolidando así unha xerarquía: o masculino valórase como superior e o feminino como inferior.

■ A división sexual do traballo

O que en tempos moi antigos poido ser unha sensata e consensuada división sexual do traballo¹, de acordo coas funcións reprodutoras e produtoras da familia prehistórica, foise pervertindo nunha ditadura de xénero, nunha discriminación e violencia, que afectou en maior medida ás mulleres, pero tamén empobreceu aos homes (as aludidas atrofas...).

- **A influencia das relixións**, especialmente das monoteístas. Impulsaron -je de que maneira!- este proceso discriminador. P.ex., na historia do cristianismo, desde San Pablo, pasando por San Agustín de Hipona, xunto con teólogos e pensadores, as mostras son moi evidentes.

Comentar o texto de Xénese, 19, da familia de Lot, en *Religión y Género*, Sylvia Marcos e outras (2004), páxs. 75-76. Ed. Trotta.

Alusión á figura de Xesús e ao seu trato coas mulleres. Idem “o veto” ao sacerdocio das mulleres, na igrexa católica.

Contar a anécdota: “*As mulleres non poden confesar porque son incapaces de gardar un secreto*”

- **A familia e a escola**, como instancias educativas, interiorizan este legado cultura de xénero, transmitíndoo de xeneración en xeneración.

¿O RESULTADO? Unha violenta disimetría. Hai moitos máis agresores/discriminadores (homes) e moitas máis agredidas/discriminadas (mulleres). Con todo paréceme moi im portante sinalar que os homes agresores son tamén víti mas de situacións e ideoloxías herdadas, de transmisións relixiosas e educativas. **TODOS E TODAS ESTAMSO NECESITADOS DE AXUDA** e temos que falar...

O sexismo, aínda que resulta máis negativo para as mulleres, tamén implica negatividade para as mulleres, porque coarta/atrofia unha serie de actividades e expresións que lles poderían enriquecer persoalmente e socialmente. Se excluímos a función reprodutora (as mulleres paren, os homes non), practicamente todas as demais actividades da vida poder ser realizadas tanto por homes como por mulleres. O mesmo debemos afirmar das expresións intelectuais e afectivas (*Os homes tamén choran*).

Se resulta moi positivo que as mulleres tomen conciencia da súa situación opresiva e traballen a prol da igualdade e da xustiza, non é menos positivo que os homes tomemos conciencia da nosa situación opresora. E o máis desexable é que mulleres e homes traballemos na construción dunha CULTURA DE PÀZ, que é amor, xustiza, igualdade e diferencias compartidas.

5.¿ Que actitudes e iniciativas promover diante deste conflito de xénero?

A) POLÍTICAS E PENAS

+ Castigar ás persoas agresoras (para non caer na impunidad)

¹ Alusión á obra de Ken Wilber (1997), *Sexo, ecología y espiritualidad*. Vol. I, Libro Dos. Pax. 82 e ss. Gaia Ediciones.

- + Equilibrio entre proteccionismo (evitar exceso) e concienciación das vítimas (superar o vitimismo e promover a autoestima e a autodefensa).
- + Iniciativas de reinserción e conciliación (solución pacífica do conflito).

B) NA ESCOLA ¿Como traballar na escola o conflito de xénero? Algunhas pautas.

1ª Coeducación como superación da simple educación mixta

Refírome a unha **educación non sexista**, sen discriminacións, nin violencias. Temos que axudar aos nosos fillos e fillas, ao noso alumnado, a que tomen conciencia das manifestacións sexistas. Cito somentes algunhas das moitas que aparecen:

- **No espazo laboral.** Non debería haber profesións femininas ou masculinas. (Ler Ficha C 7 – *Un mundo al revés* - páx.126 do libro *Sistema sexo, género*. Los Libros de la Catarata, 1996.)
- **Nos comportamentos.** Non debería haber comportamentos femininos e masculinos, como exclusivos de cada sexo. (*Los hombres nunca lloran. Las niñas deben hacer las camas*).
- **No uso abusivo do masculino como xenérico único**, ocultando e minusvalorando a presenza das mulleres.

Na escola, a educación igualitaria segue a estar suxeita a hipotecas. Así, no chamado “**currículum oculto**” aparecen orientacións, ideas pautas, ideoloxías... que implícita e informalmente, por medio de mecanismos sutís, reforzan as tradicións sexistas.

E no “**currículum escolar**” considérase moi importante para a vida que se estudien matemáticas, informáticas, linguas..., pero dase pouca importancia a saberes como coidar un bebé, preparar unha comida, calcetar, lavar a roupa..., aspectos fundamentais da vida, pero como van asociados a “funcións femininas”, están minusvaloradas e case ausentes nos contidos escolares.

Outro aspecto vai referido á “**mala conduta**”. Nenos e neas deben portarse ben na casa e na escola. Pero cando un neno se porta mal, hai unha atención a pensar que está demostrando unha personalidade activa e forte (*¡É un machote! ¡Ten un par de güevos!*). Pola contra, cando unha nena ten un mal comportamento, é menos tolerado e comprendido, porque supónse que a nena debe ser “naturalmente” máis obediente, sumisa (*¡É un marimacho!*).

Propoño algunhas DINÁMICAS para que o profesorado, os pais e nais de familia, descubran e analicen todo un mundo de contravalores e contradicións subxacentes á educación:

USO DA LINGUAXE

- ¿Utilizamos a mesma linguaxe cando falamos a nenas e a nenos?
- ¿Facémoslle o mesmo tipo de observacións?

¿Dedicámoslle a mesma atención?

- ¿Utiliza o profesorado expresións estereotipadas de xénero? P.ex.: *Non te sentes como un neno.*- *Non te comportes como unha nena.* – *Os homes nunca chora.*
- ¿Poñemos como exemplo con máis frecuencia aos homes que ás mulleres?
- ¿Establecemos diferencias funcionais ou temáticas cando se lle pide que realicen un traballo? (VER a provocación dun conflito de xénero, nun IES).

NO PATIO DE XOGOS

- Vendo a distribución de nenas e nenos no patio ¿pensades que a proporción do espazo utilizado reflexa a composición real do alumnado?
- ¿Detéctase unha tendencia a formar grupos de nenas e nenos estables e que xogan por separado?
- ¿Quen organiza e dirixe os grupos de xogos?
- ¿Tenden as nenas a adoptar actitudes pasivas de meras observadoras con relación ao que está pasand no patio de xo

2ª Trabajar textos

Os pro-homes falan das infra-mulleres.

1º Juan Luis Vives

“ (...) La mujer aprenda callando con toda su sujección; enseñar ella, yo no lo permito, ni que tenga autoridad sobre el varón, sino que se esté en silencio, porque es notorio que Adán fue primeramente formado que no Eva, y él no fue engañado y ella sí, y traspasó el mandamiento de Dios (...)”.

(Facer algún comentario humorístico sobre Eva pecadora e a “absolución” de Adán. O pecado orixinado na muller e transmitido...)

(LA INSTRUCCIÓN DE LA MUJER CRISTIANA)

2º Fray Luis de León

“Y puesto que no las dotó Dios ni del ingenio que piden los negocios mayores, ni de las fuerzas que son menester para la guerra y el campo, médanse como lo que son y conténtense con lo que es de su parte, y entiendan en su casa y anden en ella, pues las hizo Dios para ella sola (...). Como son los hombres para lo público, así las mujeres para el encerramiento; y como es de los hombres el hablar y el salir a la luz, así dellas el encerrarse y encubrirse”.

(LA PERFECTA CASADA).

3º Charles Darwin

“La diferencia fundamental entre las facultades intelectuales de ambos sexos resulta sobradamente probada por los resultados obtenidos, siempre superiores en el hombre que en la mujer”.

(Facer un comentario humorístico: “*Home, amigo Darwin*”, concedido que veñamos do mono, pero deixa de dicir monerías e EVOLUCIONA UN POQUIÑO...).

Pero temos tamén textos de mulleres que falan de dar a vida e dar a morte.

“Mientras que dar la muerte al enemigo glorifica, dar vida y cuidarla es escasamente valorado. El cuidado, en su sentido más general, el cuidado de las personas, de la Naturaleza, el trabajo de los afectos y todo lo que acompaña a éste, apenas otorgan un lugar en el mundo. Es la invisibilidad de lo positivo, de la vida, de quienes la dan por el nacimiento y de quienes la cuidan a lo largo del día a día. Conviene preguntarse el por qué de su devaluación, debatir y subvertir todo aquello que conduce en nuestro mundo al predominio de la muerte sobre la vida. Una cultura de paz positiva tendría que devolver al cuidado de la vida ese lugar que le corresponde; recrear los afectos, cultivarlos, poner en cuestión que producir (coches, libros, armarios...) sea mejor que cuidar: cuidar a las personas que te rodean, cuidar el mundo todo, cuidar y sentir placer cuidando”.

(CARMEN MAGALLÓN. Seminario de Investigación para la Paz. Centro Pignatelli. Zaragoza).

6. Conclusión

¿Poderemos acabar coa ditadura de xénero? Sen dúbida, sempre que practiquemos, mulleres e homes, a insubmisión, a subversión pacífica pero firme, e nos deidamos a construír novas formas de vida en liberdade, sen discriminacións e atrofas... algo que, afortunadamente, xa está ocorrendo. Mllers e homes temos que ir actualizando as propias potencialidades do ser humano e denunciando unha suposta xerarquía que considera “o maculino” como superior ao “feminino”.

Temos que rachar coas coductas oproras e discriminatorias, fomentando relacións en igualdade, respectuosas, entre mulleres e homes felices, ao tempo que disfrutamos coa fermosa variedade dos seres humanos.

As persoas apenas se temos encontrado a CONCORDIA nas nosas diferencias. ¿Será imposible a concordia ente os seres diferentes? Non o creo. Na historia da humanidade seguen agromando “*mahatmas*”, “*almas grandes*”, seres de concordia, que están a trazar un fermoso camiño convivencial, un camiño de persoas diferentes que se respectan, que se aman.

Persoas que confían unhas nas outras, que vén no compañeiro, na compañeira non un “extraño”, un “*ALIUS/ALIA*” totalmente alleo, senón un *ALTER/ALTERA EGO*, é dicir, unha parte de si mesmas.

Como sinala Raymond Panikkar, tratase da compenetración entre persoas que non perden por elo a súa singularidade, liberdade e diferenza. É tamén a unión amorosa e sexual entre seres que sementan, acollen e conciben.

CALO IGLESIAS. Seminario Galego de Educación para a Paz